




Informe sobre a produción audiovisual galega no bienio 2001-2002

O investimento total en produción audiovisual galega nos últimos dous anos foi de 47.124.499 € (7.800 millóns de ptas), o que supón un descenso de preto de 4.500.000 € con respecto ó bienio anterior. Este descenso tamén se evidencia no número total de producións, que pasou de 107 a 75 neste periodo, o que supón un retroceso do 28,9%, tal e como se desprende da investigación realizada polo Observatorio do Audiovisual Galego da Universidade de Santiago de Compostela

O investimento realizado no audiovisual galego nos últimos dous anos descendeu en 4.500.000 euros

Na maioría dos casos estes produtos van destinados á televisión (nun 67%), que exerce á súa vez como distribuidor, e tan só un 12% vai destinado a salas de cinema. Neste punto cómpre subliñar que das 8 longametraxes rexistradas no catálogo de produción audiovisual 2001-2002, o 50% delas non foron aínda estreadas no cinema.

Destes 75 produtos realizados entre 2001 e 2002, 38 pertencen á categoría ficción, 35 á documental e dous á animación. Atendendo a estas categorías, aumentou lixeiramente a produción de ficción, de 35 a 38 produtos, e descendeu dun xeito importante a produción documental, de 55 a 35 produtos. Tal vez a meirande baixa cuantitativa correspóndelle á animación, que pasou de 7 produtos a tan só dous no último periodo, pero entre os que atopamos a longametraxe de animación *O Bosque Animado*, que tan só nela se investiu máis que en toda a produción documental do bienio.



7 produtos a tan só dous no último periodo, pero entre os que atopamos a longametraxe de animación *O Bosque Animado*, que tan só nela se investiu máis que en toda a produción documental do bienio.

Só o 50% das longametraxes realizadas no bienio 2001-2002 foron estreadas en salas comerciais

Con respecto ó **xénero e temática** das obras audiovisuais predomina o drama e a temática social na ficción, mentres que a maioría das teleseries se encadran dentro do subxénero *sitcom*, *dramedia* e come-

dia. No tocante ó xénero documental, sobrancean aquelas obras de temática etnográfica, histórica e biográfica.

A principal **modalidade de produción** é a coproducción, fórmula baixo a que se produce un 44% dos produtos audiovisuais galegos do último bienio, seguida da produción propia, que representa un 39% do total. Moita menos importancia cobran as restantes modalidades; produción allea (7%), produción propia externa (9%) e encargo (1%).

Con respecto á **lingua**, aumenta mínimamente a porcentaxe de producións que teñen como lingua orixinal o galego (dun 67 a un 68%) e suben a un 3% as obras que empregan como lingua de rodaxe o inglés. Cómpre sinalar que diminúe o número de producións que foron dobradas ou subtituladas, o que apunta á pouca saída dos produtos audiovisuais galegos fóra do noso mercado.

No tocante ás **vías de promoción**, o vehículo fundamental para publicitar as obras audiovisuais galegas segue a ser a publicidade convencional xunto con internet. Esta porcentaxe diminúe no que se refire ós produtos audiovisuais galegos promocionados en feiras e festivais, a tan só un 17% do total.

A **canle de explotación** da maioría da produción audiovisual galega é a televisión (67 %), que ademais se confirma como principal empresa **distribuidora** destes produtos fóra do mercado galego (cun 68%). A gran distancia, atopamos as salas de cine, onde se proxecta un 12% do total da produción audiovisual galega do bienio 2001-2002.

O sector audiovisual e a Sociedade da Información

Despois da investigación realizada e da resposta de 24 das máis representativas empresas do sector en Galicia, observamos que a situación do sector é alentadora, aproximándose bastante ó que se podería esperar dun sector estratéxico dunha economía.

Os datos son esclarecedores: as empresas do audiovisual de Galicia teñen unhas pautas de comportamentos que van en paralelo a calquera PIME pero existen indicadores que aportan datos certamente positivos, en especial os referidos ó comercio electrónico, aínda que outros provocan preocupación, como por exemplo as tecnoloxías de conexión utilizadas.

Aumenta nun punto a porcentaxe de producións que teñen como lingua orixinal o galego

A situación do sector audiovisual con respecto ó ideal da Sociedade da Información é alentadora

Programación de produción galega nas televisións públicas en Galicia durante o ano 2001

A presenza da ficción nas grellas da TVG é superior á documental. Esta última conta cunha maior diversidade de títulos programados, mentres que a ficción, con menor número de producións na grella, dispón dun maior número de capítulos —no caso das series— e numerosas repeticións ou reprogramacións. A produción documental galega prográmase fundamentalmente nas fins de semana, entre as mañás e as franxas de *prime time*, mentres que a programación de ficción se compón fundamentalmente de series, emitidas entre os luns e venres en horarios de máxima audiencia. Durante o 2001 emitíronse 7 teleseries, seis longametraxes e tres traballos de animación galegos. En TVE-Galicia a produción galega programada é maioritariamente documental. Esta programación vese restrinxida ós horarios de desconexión e agás *Desde Galicia para o mundo*, os demais programas emitense de luns a venres cunha duración aproximada de media hora.

A audiencia da produción galega na TVG/TVE-G no ano 2001

As teleseries acadaron o maior éxito de audiencia dentro da produción galega emitida pola TVG. O programa con maior audiencia foi a serie *Mareas Vivas*, que acadou unha audiencia media de 10.7%, o que representa unha media de 282.266 espectadores por programa. En segundo lugar atópase *Terra de Miranda*, que en once espazos acadou unha audiencia media do 8.8%, é dicir 232.144 espectadores por capítulo. En terceiro posto temos *Pratos Combinados*, cunha audiencia media de 8.7%. Cómpre destacar que as teleseries *Mareas vivas* e *Pratos Combinados* conseguiron ser o programa máis visto en catro dos doce meses do ano. En TVE-G, o programa galego que acadou o máis alto índice de audiencia é *Desde Galicia para o mundo*, cun 1.9% de media anual, esta porcentaxe traducida en número de espectadores representa tan só 50.122 espectadores de media por programa.